

A praia misteriosa



3º curso de EP. Curso 2008/2009
CEIP VII.AXOÁN

AUTORES E AUTORAS DA LECTURA DE IMAXES

1. CRISTIAN BARROSO
2. PABLO CHARLÍN
3. CRISTINA FEJOO
4. ADRIÁN IGLESIAS
5. ÁGUEDA MIGUÉNS
6. ALEXIA MIGUÉNS
7. LARA PESADO
8. VERÓNICA PIÑEIRO
9. ÓSCAR PORTAS
10. BRUNO POUSO
11. NOA REY
12. ÉRIKA RÓMA
13. LORENA ROMERO
14. ANTÓN SOTO
15. NURIA VÁZQUEZ
16. ZAIDA VILLANUEVA

• ¿Qué colores vemos?

Amarelo sol, verde herba, verde pistacho, azul celeste, azul turquesa, branco, gris, beis, laranxa, lila, negro, verde musgo, azul oñil, amarelo area.

• A que ole?

A mar, area, pintura, a montañas, algas, a ceo, a aire fresco, a natureza, a cunchas, lorchas frescos, congrexos, roxas molladas con algas, mexillons, herba, prados, flores, arboreos do bosque, peixe, brisa marina, a ambiente de moita xente, a area mollada, a oceáno.

• ¿Que oímos?

Olas, andar de xente na praia, o vento, moverse congrexos, peixes, paxaros, lanchas, olas estrellándose contra as rochas, olas contra os barcos, nenos xogando á pelota, a brisa sobre a herba, as follas das árbores, o vento, xente nadando, xente falando, nenos correndo, areas movidas pola brisa, mozos facendo surf, neno chorando, brisa movendo a sombrilla, gaviotas, desenvolvendo o albal dos bocadillos, gritos de nenos, un reiseñor, xente pescando, sinto correr detrás da sombrilla cando voa, a nenos coas pás facendo castelos na area, barcos pitando, ruído de palmeiras co vento, os nenos facendo cidades para as pulgas mariñas, nenos arrincando flores para as nais, xente sacudindo toallas, cerrando as sombrillas, as pulgas de mar facendo os seus buratos na area.


• ¿Que tocamos?

- Suave e fina da areia
- humidade da auga
- humidade da areia
- cóxegas da herba
- rugoso da areia gorda
- pedras suaves
- sentir a espuma das olas que se me desfai na man
- as pulgas mariñas facéndome cóxegas polo corpo
- duro dos barcos
- quente do motor do barco funcionando
- escamoso dos peixes
- arrugado e con baches dos troncos vellos das árbores
- rochas rugosas e picudas
- suavidade dos pétalos das flores
- pinchazo das silvas
- o roce do peliño dos cangrexos
- frío da auga
- sentir a caricia das ás dunha bolboreta
- tocar algas suaves, brandas e pegaxosas
- tocar conchas suaves e rugosas
- areia quente, rugosa e dura
- Rochas suaves
- Areia suave e fina que se moute no medio dos dedos
- Calor no corpo e frío cando véis da auga
- Brando, esponxoso e suave das medusas mortas
- Picudo da estrela de mar por arriba e por abaixo
- ventosa branda que se pega


• ¿A que sabe?

- Xelado de chocolate
- Auga salgada
- A algas
- A peixe
- A calamares de chiringuito
- A ameixas crúas
- A areia seca que se mete na boca
- A herba
- A bocadillo de chourizo
- A pedras molladas
- A maxilóns
- Aos cangrexos
- A sardiñas asándose
- A chocolate
- A ostras crúas que están boisimas
- A madeira
- A tortilla
- A terra
- A perritos calientes
- A flores doces coma o mel
- A caramuxos
- A patocas fritas de bolsa
- A polvo


A HISTORIA




De repente, todo o mundo se foi porque a ninguén lle gustaba esa praia que tiña a areia chea de pedras rugosas e ulia a pintura de barcos. Non te podías bañar porque había moitos restos de algas suaves, brandas e pegaxosas e de medusas mortas. Dician tamén que había que ter coidado coas picaduras das fanecas e coas anémonas.



De pronto, xurdeu unha fermosa serea que quería coller unha extraña flor, suave coma a seda, enriba dunha rocha onde un montón de cangrexos peludos tomaban o sol.
A serea tiña longos cabelos áurados coma o ouro dos tesouros e parecía unha princesa de conto de fadas.




Ao lonxe, apareceu un barco negro e vermello no que no alto do seu mástil, ondeaba a bandeira negra coa caveira branca. O capitán pirata, cuns catalexos, viu brilar algo naquela rocha e quedou abraiado ao descubrir os longos cabelos da serea. Cando esta se deu conta de que estaba sendo vixiada, agacheuse debaixo das augas frías e salgadas, porque sospeitaba que a querían coller.



O capitán pirata díxolle a parte da súa tripulación:
- Collede os botes os seis mais fortes e capturade canto antes á serea!



Pouco a pouco foise xuntando misteriosamente unha manada de crocodrilos fementos, feroces e cos dentes afiados e fixeron un festín co bote e cos seus ocupantes.



Namentras, nunha praia cercana e chea de xente, os vixiantes deron conta de todo o que pasara e avisaron a todos os da praia. Uns foron correndo, outros en pedaletas, motos acuáticas ou facendo surf foron rápidamente a salvar á serea e ela contoulles a súa historia e díxolles:

— Moitas grazas por axudarme.
A xente invitou á serea ás súas casas, pero ela explicoulles
que non podía vivir fóra da auga do mar.



As persoas comprendérono e voltaron contentos para os seus
fogares. Cando pola noite se achegaron ás ventás viron un
camiño dourado polo mar.

12



14



Era a serea que se ía para o seu país no medio do océano,
acompañada polo seu noivo Tritón que levaba un mes
buscándoa, desde que a sereíña se perdera seguindo o rastro
dunha preciosa pelota multicolor.



Por fin se atoparon e foron moi felices e comeran perdices.